



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 20 DE XUÑO DE 2025

En Laxe, sendo as 19:00 horas do 20 de xuño de 2025, reúnen-se, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Don Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)
Non asiste Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS).

Actúa como secretaria-interventora deste concello, Dona Begoña Carrasco García.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO E FINANCIERO (PEF) 2025/2026. Expte. núm. 2025/T006/000001.

Dase conta da seguinte proposta:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE PLAN ECONÓMICO- FINANCIERO 2025-2026
Aprobada a liquidación do orzamento de 2024, por decreto de alcaldía de 28 de febreiro de 2025, e conforme se recolle nos informes da Secretaría-intervención incorporados ao dito expediente constatouse o incumprimento das regras fiscais de estabilidade orzamentaria e regra de gasto por 32.974,37€ e 224.847,20€ respectivamente.*

Ante esta situación o art. 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF) obriga á elaboración dun PEF que permita nun ano o cumprimento de dito obxectivo.

A fin de poder cumprir co previsto na lei, e de solventar a situación de incumprimento da regra de gasto, redactouse un Plan Económico-Financeiro 2025-2026, que se presenta ao Pleno da Corporación para o seu análise e estudo, a fin de que proceda a súa aprobación, adoptando o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Económico Financeiro 2025-2026 do Concello de Laxe e proceder á súa publicación no BOP a efectos informativos ,tal como establece o artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e o artigo 26.1 do RD 1463/2007 ,así como no Portal da Transparencia, para o seu xeral coñecemento.

SEGUNDO.- Remitir o Plan económico-financeiro ao órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia así como ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través da plataforma Autoriza.”

Intervén a concelleira dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG) sinalando o pouco tempo para analizar os asuntos.

O alcalde, coincide coa concelleira e di que é pouco tempo para tanta documentación.

A concelleira do BNG reproba a redacción en castelá do Plan e require información sobre as débedas de dudoso cobro.

O alcalde resposta que no próximo pleno lle dará a información.

A concelleira sinala a importación do remanente e di que nembargantes subíronse as taxas, require unha explicación do axuste con fondos finalistas (pax. 13 do Plan), plantexando a dúbida sobre a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

solicitude de subvencións ou a denegación delas, e tamén do apartado c) do incumprimento da regra de gasto.

O alcalde explica que a partir de agora non se pode usar o remanente, manifestando o seu malestar pola medida europea xa que sinala que sendo un aforro, Europa o entende coma un gasto. Indica que o motivo de incremento das taxas foi o seu déficit, e solicita a intervención da secretaria para explicar a dúbida plantexada.

Intervén esta secretaria explicando brevemente a axuste na regra de gasto de gastos financiados con fondos finalistas procedentes doutras administracións públicas.

A concelleira do BNG di que nas conclusións derívase un superávit e que espera que poida gastarse, e tamén espera que conten con eles.

Intervén no debate o concelleiro don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e integrante do Grupo mixto indicando que só hai un incremento de 47.000,00 nos ingresos a pesar do incremento das taxas.

O alcalde indícalle que aínda están debantindo o primer punto da orde do día e o concelleiro lle contesta que non tuvo tempo de estudialo.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 4 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE)]

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Económico Financeiro 2025-2026 do Concello de Laxe e proceder á súa publicación no BOP a efectos informativos, tal como establece o artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e o artigo 26.1 do RD 1463/2007, así como no Portal da Transparencia, para o seu xeral coñecemento.

SEGUNDO.- Remitir o Plan económico-financeiro ao órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia así como ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través da plataforma Autoriza.

“PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

Asunto: Plan económico financeiro 2025-2026

Expediente N^o:2025/T016/000001

1.- INTRODUCCIÓN

Tras catro anos de suspensión (2020-2023), a reactivación das regras fiscais supón a volta á aplicación completa da normativa de estabilidade orzamentaria e con ela, ao cumprimento da senda de consolidación fiscal, cos seus obxectivos, os seus límites e as súas medidas de prevención do déficit público. O cumprimento destes obxectivos configúrase como unha auténtica obrigaón para as Administracións Públicas, ás que se lles esixe, ademais, responsabilidade sobre as súas actuacións, tal e como dispón o artigo 8 da Lei 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira (LOEPSF).

Desta forma, o resultado da avaliación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto na liquidación do orzamento de 2024 si poderá dar lugar á aplicación en 2025 das medidas preventivas, correctivas e coercitivas previstas na LOEPSF.

É o Capítulo IV da LOEPSF o que desenvolve este conxunto de medidas, en tres niveis diferenciados - prevención, corrección e coerción-, encamiñadas a reforzar e asegurar o cumprimento destes obxectivos, de forma que a non adopción de medidas no primeiro nivel desencadea a aplicación das contidas no seguinte.

O primeiro nivel de medidas do artigo 18 da LOEPSF recolle mecanismos automáticos de prevención



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

anticipados no seo das propias Administracións para garantir que non se incorre en déficit estrutural ao final de cada exercicio.

Os dous seguintes niveis de medidas derivan do incumprimento, mesmo reiterado, dos obxectivos, e son expresión da responsabilidade de cada Administración ante esta situación. En concreto, o segundo nivel de medidas correctivas, recollido nos artigos 20 e seguintes da LOEPSF, esixe a presentación dun Plan económico-financieiro (en diante, PEF) que permita a corrección da desviación no prazo establecido. A máis, o terceiro nivel de medidas coercitivas, do artigo 25 e seguintes da LOEPSF, dispón, entre outras medidas, a aprobación da non dispoñibilidade de determinados créditos e a súa retención se se produce falta de presentación, aprobación ou incumprimento do PEF.

2.- OBRIGACIÓN DE ELABORACIÓN

Causas

Como medida correctiva de cumprimento das regras fiscais, o PEF regulado nos artigos 21 a 23 da LOEPSF, pode definirse como unha ferramenta, cunha vixencia de dous anos, cuxa finalidade é a de corrixir a desviación xerada.

En consecuencia, a causa da que deriva a obrigaón de elaboración é o incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

Estabilidade presupostaria

O principio de estabilidade orzamentaria defínese, de acordo co recolleito no artigo 3 da LOEPSF, como a situación de equilibrio ou superávit estrutural e instrumentalízase, tal e como dispón o artigo 11, na posición de equilibrio ou superávit orzamentario. Así, entenderase que se alcanza esta situación cando as Administracións Públicas non incorran en déficit estrutural.

Desta forma e tendo en conta que a LOEPSF delimita o sector público atendendo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC10), a estabilidade orzamentaria para a avaliación do cumprimento deste obxectivo defínese como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento consonte a definición contida no SEC10. Con iso, o cálculo da capacidade de financiamento parte do saldo orzamentario non financieiro (diferenza entre os capítulos 1 a 7 de ingresos, menos 1 a 7 de gastos) e a través dos axustes derivados da aplicación de criterios do SEC 10, obtense o superávit ou déficit en termos de Contabilidade Nacional.

O resultado do devandito cálculo será de cumprimento ou de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria en función de obxectivo fixado para o período de estudo.

Para o subsector local, o obxectivo previsto para liquidación de 2024 é do 0,2% do Produto Interior Bruto (PIB), un obxectivo, como dicimos, para o conxunto do subsector das Entidades locais.

A nivel individual, tal e como se desprende da Nota da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local de Preguntas frecuentes sobre os efectos da reactivación das regras fiscais en 2024 con relación á Entidades Locais, cada entidade deberá presentar, en todo caso, equilibrio orzamentario en termos de contabilidade nacional e, se fose posible, superávit.

Desta maneira, o incumprimento deste obxectivo ten como consecuencia inmediata a elaboración dun PEF.

Regra de gasto

En virtude da regra de gasto, o gasto das Administracións Públicas non poderá aumentar por encima da taxa de crecemento de referencia do PIB, tal e como dispón o artigo 12 da LOEPSF.

Desta forma, esta regra fiscal calcúlase comprobando que a variación do gasto computable de cada administración non supera a referida taxa de referencia.

O resultado dese cálculo determinará o cumprimento desta regra, de maneira que unha variación do gasto computable da entidade local maior á taxa de crecemento de referencia do PIB da economía española, provoca un incumprimento da regra do gasto e por tanto, ten como consecuencia inmediata a elaboración dun PEF.

O obxectivo de regra de gasto fíxase para a Administración Central, a Administración Autonómica e a Administración Local e é o mesmo para os tres subsectores. Para todas elas, a nivel individual, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española aprobada para o exercicio 2024 é do 2,6%.

Débeda pública

É o principio de sustentabilidade financeira do artigo 4 da LOEPSF o que rexe o obxectivo de débeda pública, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial.

Se instrumenta, de acordo co disposto no artigo 13, co volume de débeda pública do conxunto das

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Administracións Públicas, definida de acordo co Protocolo sobre Procedemento de déficit excesivo (Débeda PDE).

Existen diversas formas de medir o nivel de débeda e a débeda pública elaborada segundo o Protocolo de Déficit Excesivo, ou débeda PDE, é o indicador harmonizado que empregan as autoridades europeas no seguimento das finanzas públicas.

O obxectivo de débeda pública apróbase cada ano para o conxunto de administracións públicas e para cada un dos seus subsectores, entre eles o subsector da Administración Local. Para todo o subsector local, o obxectivo previsto para a liquidación do exercicio 2024 é do 1,4%.

Conforme a el, o conxunto das Entidades Locais non pode superar este límite de débeda global fixado nunha porcentaxe sobre o PIB para cada exercicio.

Desta maneira, a débeda pública PDE non ten unha asignación individualizada, isto é, ningunha entidade local individualmente pode cumprir ou incumprir o obxectivo de débeda pública e por tanto, non ten como consecuencia a elaboración dun PEF.

Para dar cumprimento á obrigación de informar o obxectivo a nivel individual aplícanse os límites ao endebedamento previstos no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRHL), a meros efectos informativos.

3.- MOMENTO TEMPORAL DO CÁLCULO

A obrigación de elaborar un plan económico financeiro traerá causa, unicamente, no incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, o incumprimento da regra de gasto ou o incumprimento de ambas as regras fiscais simultaneamente.

Cabe lembrar respecto ao cumprimento do obxectivo de estabilidade que existe obrigación de avaliación en tres momentos ao longo do exercicio: en aprobación, en execución e en liquidación do orzamento. Tanto o TRLRHL, como a normativa de estabilidade, a LOEPSF e as súas normas de desenvolvemento -o Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria e a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF- prevén este mandato.

En cambio, respecto á regra do gasto e conforme dispón a referida Orde HAP/2105/2012, esta obrigación materialízase nun só momento ao longo do exercicio: en liquidación do orzamento.

A LOEPSF no seu artigo 18 recolle o primeiro nivel de medidas de prevención e garantía de non incorrer en déficit estrutural:

As Administracións Públicas farán un seguimento dos datos de execución orzamentaria e axustarán o gasto público para garantir que ao peche do exercicio non se incumpra o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Por tanto, a constatación efectiva do referido incumprimento unicamente prodúcese ao aprobar a liquidación orzamentaria, momento en que se xerará a obrigación firme de aprobar un PEF.

O artigo 28 -apartados j, l, m- da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece que, constitúe infracción moi grave en materia de xestión orzamentaria: a non presentación ou a falta de posta en marcha en prazo do plan económico-financiero, a falta de xustificación da desviación, ou cando así se lle requiriu a falta de inclusión de novas medidas no plan económico-financiero, e a non adopción das medidas previstas nos plans económico financeiros.

4.- CONTIDO

O contido dos plans económico-financieros, cuxo obxectivo principal é, a corrección das desviacións detectadas no prazo de dous anos, atópase taxado en diversas normas: a LOEPSF, a súa orde de desenvolvemento HAP 2105/2012, o Real Decreto 1463/2007 e ademais a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).

O artigo 21.2 da LOEPSF, recolle o contido mínimo principal:

- *Causas de incumprimento do obxectivo establecido.*
- *Previsións tendencias de ingresos e gastos.*
- *Descrición, cuantificación e calendario de aplicación de medidas.*
- *Previsións das variables económicas e presupostarias das que parte o plan.*
- *Unha análise de sensibilidade considerando os diferentes escenarios.*

Pola súa banda, o artigo 9 da Orde HAP 2105/2012, que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF, complementa o contido mínimo anterior:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- *Medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas, señalando a súa data de implementación.*
- *Estimación e xustificación dos axustes de contabilidade nacional e a coherencia co límite de gasto non financeiro.*
- *Evolución da débeda, o cumprimento do límite da débeda, as magnitudes de aforro bruto e neto, a estimación dos saldos de tesourería, o exceso de financiamento afectado e o remanente de tesourería para gastos xerais.*

Doutra banda, o artigo 116.bis.2 da LBRL introduce tamén outra serie de medidas, aplicables a aquelas Entidades Locais que o necesiten:

- *Supresión das competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.*
- *Xestión integrada ou coordinada dos servicios obrigatorios que presta a entidade local para reducir os seus costes.*
- *Incremento de ingresos para financiar os servicios obrigatorios que presta a entidade local.*
- *Racionalización organizativa.*
- *Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao Concello que, no exercicio presupostario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade presupostaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pagamento a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.*
- *Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.*

A pesar de que o artigo 116.bis da LBRL indica que as medidas nel recollidas son adicionais ás do artigo 21 de LOEPSF, o certo é que polo seu grao de especificidade, poderían non ser de aplicación xeneralizadas a todas as EELL, reservándose só para aqueles casos en fósenos totalmente necesarias para o saneamento e/ou fóra de aplicación dispoñer en DAA 9ª da LBRL sobre o redimensionamiento do sector público local por contarse con sociedades ou entes dependentes en situación de desequilibrio financeiro.

E ademais, de forma residual, no que non contradiga ás normas anteriores, o artigo 20 do Real Decreto 1463/2007 refire tamén contido mínimo entre o que destaca o apartado a) que indica: a relación de entidades dependentes, con mención expresa á forma xurídica, participación total ou parcial, directa ou indirecta e delimitación sectorial de cada unha delas consonte o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

4.1 Causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto

A determinación das causas do incumprimento non debe ser un simple cálculo, senón que debe ademais valorar as causas no contexto da propia entidade para determinar se derivan dunha situación de déficit estrutural, isto é, do volume de gasto non financeiro que excede dos ingresos non financeiros ou do teito de gasto; ou pola contra, dunha situación conxuntural na que a combinación de factores, por exemplo a utilización do RTGG e/ RT afectado, provocan un desequilibrio puntual.

Así, a análise e xustificación das causas que producen o incumprimento das regras fiscais son parte esencial do PEF porque precisamente a situación da que parte será a que condicione as medidas para tomar ao longo da súa vixencia.

Se o incumprimento procedese dunha situación de déficit estrutural serán necesarias medidas de redución de gasto (por exemplo, supresión de servizos non obrigatorios) ou ben de incremento de ingresos que supoñan un aumento permanente da recadación por unha modificación normativa (por exemplo, unha nova Ordenanza fiscal ou o aumento do tipo impositivo doutra).

En cambio, se o incumprimento deriva da utilización do RTGX e/ou RT afectado, as medidas para tomar pola Entidade poderían consistir en articular alternativas de financiamento para ese tipo de actuacións, como puidesen ser tramitar estes investimentos como gastos plurianuais.

5.-TRAMITACIÓN

O artigo 23 da LOEPSF regula a tramitación dos PEF no ámbito local de maneira sucinta e o Regulamento 1463/2007 e a Orde HAP 2105/2012 do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF pronúnciase nos mesmos termos. Establece nos seus apartados a necesidade de elaborados polas Corporacións Locais, de aprobalos polo Pleno da Corporación, especialidades para os municipios en réxime de cesión e os prazos máximos a cumprir.

O apartado 1 establece a temporalidade do procedemento:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

1. *Presentación ao Pleno no prazo dun mes desde que se constate o incumprimento, considerándose a constatación no momento da liquidación do orzamento.*
2. *Aprobación polo Pleno da Corporación no prazo máximo de dous meses desde a súa presentación.*
3. *Unha vez aprobado o PEF, dispoñeráse de cinco días naturais para a súa remisión ao Ministerio de Facenda.*
4. *A posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento.*

En canto á elaboración, o apartado 4 do artigo 23 da LOEPSF, establece que corresponde á Corporación Local.

A competencia para a aprobación do PEF, tal e como dispón o apartado 4 do referido artigo 23, recae sobre o Pleno da Corporación.

Unha vez aprobado este Plan, debe ser remitido ao Ministerio de Facenda en máximo 5 días naturais, de acordo co apartado 2 do artículo 9 da Orde HAP 2105/2012.

É o artigo 26 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, aprobado por Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro o que recolle a publicidade dos PEF.

Deberase publicar no Boletín Oficial da Provincia (BOP) o PEF aprobado polo Pleno e unha copia do mesmo estará ao dispor do público desde a súa aprobación polo Pleno da corporación local ata a finalización da vixencia do mesmo, unicamente a efectos informativos.

Co obxectivo de garantir o cumprimento dos obxectivos a peche de cada exercicio, a LOEPSF recolle unha serie de medidas de prevención e detección de desviacións. Así, no seu artigo 24, como unha medida correctiva máis para as Entidades Locais, inclúese a obrigación de emisión de informes de seguimento da aplicación das medidas contidas nos plans económico-financeiros.

A finalidade destas informes de seguimento dos PEF é verificar dous aspectos: a execución e cumprimento das medidas de ingresos e gastos previstas no Plan e analizar as súas posibles desviacións; e o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e débeda e da regra de gasto.

A periodicidade de remisión dos citados informes dependerá do tamaño do municipio, de maneira que, aplicarase:

- *Periodicidade trimestral, para os municipios de gran poboación, isto é, para as entidades incluídas no ámbito dos artigos 111 e 135 do TRLRHL.*

- *Periodicidade anual para o resto de entidades locais en aplicación do disposto no artigo 22 da LOEPSF.*

Poderá requirirse á Administración responsable para que xustifique esta desviación ou aplique medidas, novas ou as xa recollidas no PEF, que garantan o cumprimento dos obxectivos.

6.- RESULTADOS DO SEGUIMENTO

O resultado destas comprobacións poderá ser de cumprimento ou incumprimento das medidas incluídas no Plan. Pode suceder que por determinadas circunstancias non poidan cumprirse os obxectivos marcados. Nestes casos, o artigo 24.4 da LOEPSF indica a forma de proceder:

no caso de que o informe verifique que non se deu cumprimento ás medidas incluídas no plan e iso motivase o incumprimento do obxectivo de estabilidade, aplicaranse as medidas coercitivas previstas no artigo 25.

Distínguense dúas situacións: que o incumprimento se produza no primeiro ano de vixencia do PEF ou en segundo. No primeiro caso, incumprimento dos obxectivos marcados no primeiro ano de vixencia do PEF -é dicir, prodúcese inestabilidade orzamentaria e/ou supérase o límite de gasto non financeiro ou teito de gasto comprometido no PEF para ese ano-, non procederá a aprobación dun novo Plan, posto que xa existe un PEF en vigor, senón que deberán aplicarse as medidas coercitivas do artigo 25.1.a) da LOEPSF: adoptar un acordo de non dispoñibilidade de créditos polo importe incumpridor -informe anual ou 4º trimestre- ou que se prevexa incumprir -informes 1º, 2º, 3º, trimestrais-.

A administración que incumpra o PEF deberá aprobar, no prazo de 15 días desde que se produza o incumprimento, a non dispoñibilidade dos créditos e efectuar a correspondente retención de créditos, que garanta o cumprimento do obxectivo establecido.

Se se trata do segundo caso, incumprimento dos obxectivos marcados ao final da vixencia do PEF, a entidade local estaría obrigada a aprobar un novo PEF e incluír ademais un novo acordo de non dispoñibilidade de créditos polo importe incumpridor -informe anual ou 4º trimestre- ou que se prevexa incumprir -informes trimestrais-, cos mesmo obxectivos que impón a LOEPSF: volver a unha senda de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

cumprimento.

En definitiva, o obxectivo do Plan e polo tanto, do seu seguimento, é tratar de garantir que tras o seu paso se cumpren as regras fiscais de estabilidade orzamentaria e que o gasto liquidado axustado sexa igual ou inferior ao teito de gasto comprometido no PEF para ese exercicio, é dicir, que a entidade volve á senda do cumprimento buscada pola LOEPSF.

SITUACIÓN ACTUAL: DIAGNÓSTICO ECONÓMICO-FINANCIERO

A. ANÁLISE DA ESTRUCTURA ECONÓMICA DO CONCELLO: INGRESOS E GASTOS

Para levar a cabo o estudo da estrutura económica deste Concello analízanse os datos de liquidación dos 3 exercicios económicos anteriores, que son 2021, 2022 e 2023, xa que a análise dos tres últimos anos permite obter a información necesaria para determinar, no seu caso, as causas que levaron a incumprimento da variable estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

A.1 INGRESOS.

Cap.	Denominación	LIQUIDACIÓN	LIQUIDACIÓN	LIQUIDACIÓN		LIQUIDACIÓN	
		2021	2022	2023	Variación	2024	Variación
		Valor	Valor	Valor		Valor	
1	Impostos directos	733.572,95	819.924,21	774.352,24		874.650,62	
2	Impostos indirectos	14.601,70	27.303,59	15.615,78		38.520,35	
3	Taxas e outros ingresos	377.386,25	391.079,40	414.750,57		446.330,19	
4	Transferencias correntes	1.419.605,44	1.644.893,21	1.564.276,36		1.728.306,75	
5	Ingresos patrimoniais	789,59	6.720,62	8.286,27		7.091,27	
6	Alleamento de investimentos		3.000,00	1.825,00		0,00	
7	Transferencias de capital	345.353,36	346.520,15	485.474,45		286.713,91	
8	Activos financeiros						
9	Pasivos financeiros						
TOTAIS		2.891.309,29	3.239.441,18	3.264.580,67		3.381.613,09	

Os ingresos máis significativos son as transferencias correntes do capítulo 4 alcanzando o importe de 1.728.306,75€.

Con respecto ao capítulo 3, relativo a taxas e outros ingresos, hai que ter en conta que no exercicio 2024 modificáronse as ordenanzas relativas ao abastecemento de auga, rede de sumidoiros, documentos administrativos, ocupación de dominio público con mesas e cadeiras, así como a taxa polo uso da pista de pádel. Todas estas modificacións terán unha repercusión económica no exercicio 2025 que producirá un aumento dos dereitos recoñecidos.

A.2 GASTOS.

CAP	DENOMINACIÓN	LIQUIDACIÓN	LIQUIDACIÓN	LIQUIDACIÓN 2023	LIQUIDACIÓN
		2021	2022		2024
1	Gastos de persoal	997.895,59	1.043.070,31	1.042.566,00	1.119.615,58
2	Compra de bens e servicos	1.170.745,82	1.662.272,37	1.629.622,20	1.731.307,10
3	Gastos financeiros	521,47	2.323,87	2.385,35	1.596,55
4	Transferencias correntes	58.742,19	15.070,89	20.213,33	27.737,46
6	Investimentos reais	480.833,14	445.855,16	694.751,47	586.170,20
7	Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	22.334,94



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

TOTALES	2.708.738,21	3.168.592,60	3.389.538,35	3.488.761,83
---------	--------------	--------------	--------------	--------------

O capítulo de gastos máis representativo é o de gastos en compra de bens e servicios, ascendendo este capítulo 2 a 1.731.307,10€.

B. ANÁLISE DAS PRINCIPAIS VARIABLES FINANCEIRAS

Para completar o estudo da estrutura económica deste Concello analízase a evolución das principais variables financeiras nos 3 últimos exercicios liquidados, 2021, 2022, 2023.

B.1 Remanente de Tesourería

Remanente de tesourería	LIQUIDACIÓN 2021	LIQUIDACIÓN 2022	LIQUIDACIÓN 2023	LIQUIDACIÓN 2024
+ Dereitos pendentes de cobro	429.760,34	359.000,18	414.116,51	455.171,81
+ Do presuposto corrente	202.716,08	114.593,04	179.451,26	215.257,76
+ De presupostos pechados	208.634,06	224.452,99	209.927,55	210.718,09
+ Doutras operacións non presupostarias	18.410,20	19.954,15	24.737,70	29.195,96
- Ingresos realizados pendentes de aplicación definitiva	340.670,64	292.160,75	441.515,10	474.974,37
- Obrigacións pendentes de pago	136.055,91	93.309,72	94.838,33	105.594,81
+ Do presuposto corrente	67.626,52	27.714,86	25.519,97	33.586,04
+ De presupostos pechados	164,43	164,43	164,43	164,03
+ Doutras operacións non presupostarias	68.264,96	65.430,43	69.153,93	71.844,34
- Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	3.539,12	3.539,12	3.539,12	4.851,85
+ Fondos líquidos de Tesourería	1.317.444,25	1.365.690,91	1.334.393,07	1.229.092,05
= REMANENTE DE TESOURERÍA	1.274.017,16	1.342.759,74	1.215.695,27	1.108.546,53
- Saldo de dubidoso cobro	192.175,97	200.270,32	14.560,68	201.487,90
- Exceso de financiamento afectado	107.266,19	21.128,48	33.438,19	86.007,71
= REMANENTE PARA GASTOS XERAIS	974.575,00	1.121.360,94	1.167.696,40	821.050,92
% Sobre ingresos correntes				

O Remanente de Tesourería é un indicador da liquidez da entidade. Cando mostra valores positivos é un excedente financeiro acumulado dispoñible para financiar gastos de exercicios futuros.

O Remanente de Tesourería mantense en cifras elevadas, a pesar de que no exercicio 2024 financiáronse con remanente distintos expedientes cun importe total de 354.059,15€. A isto engádesse a incorporación obrigatoria de remanentes de crédito que son financiados con remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado e que ten a mesma natureza de ingreso financeiro que o RTGX.

B.2 Resultado presupostario

RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	LIQUIDACIÓN 2021	LIQUIDACIÓN 2022	LIQUIDACIÓN 2023	LIQUIDACIÓN 2024
	232.873,84€	166.308,99€	-134.849,80€	143.164,94€

O Resultado orzamentario é un primeiro indicador de capacidade ou solvencia financeira das administracións locais a curto prazo. Obtense por diferenza entre os dereitos e as obrigacións, recoñecidos no exercicio. En consecuencia, reflicte o superávit/déficit do exercicio da Entidade local.

B.3 Sostibilidade financeira. Débeda financeira e Débeda comercial

Entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial.

A **débeda financeira** debe medirse en termos de volume de débeda viva, incluída aquela a efectos do Protocolo de Déficit Excesivo, e do límite de endebedamento a efectos do réxime de autorización de novas operacións de crédito establecido nos artigos 52 e 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e a Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

Para o cálculo do límite de endebedamento debemos ter en conta o establecido na DF 31 da LPGE que fixa que o volume total de capital vivo non pode exceder do 75% dos ingresos correntes liquidados. Se o volume total de capital vivo excede do 75% e non supera o 110% poderán concertar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais. Se o volume total de capital vivo excede do 110% non se poderán concertar

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

operacións de crédito a longo prazo.

A mesma disposición sinala que a efectos do cálculo de capital vivo, considérase as operacións vixentes ao 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostas e no importe da operación proxectada. Neste importe non se inclúiran os saldos que deban reintegrar as entidades locais derivados das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado.

I) Ingresos correntes liquidados (capítulos I a V) 3.094.899,10€

II) Porcentaxe aplicable 75%

III) Límite de endebedamento: 2.321.174,30€

IV) Capital vivo por operacións a LP: 593.088,99€

V) Capital vivo por operacións CP: 0,00€

VIN) Total capital vivo: 593.088,99€

VII) Porcentaxe sobre os ingresos liquidados: 19%

O nivel de débeda así calculado é inferior ao 110% dos ingresos correntes liquidados previsto no artigo 53 do TRLHL.

O endebedamento do Concello de Laxe non deriva de operacións de crédito con entidades financeiras, senón de operacións de préstamos con outra administración Pública (Deputación provincial da Coruña). Figura débeda coa Deputación da Coruña por importe de 593.088,99€ derivada de:

---Plan de aforro e investimento (PAI) 2015. (120.178,80)

---Plan de aforro e investimento (PAI) 2016. (119.825,32)

---Préstamo provincial do plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único concellos) POS/POS 2017. (120.915,76)

---Préstamo provincial do plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único concellos) POS/POS 2018. (131.256,33)

---Préstamo provincial do plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único concellos) POS/POS 2019. (100.912,78)

A efectos de determinar cumprimento do principio de sustentabilidade financeira unicamente terase en conta a débeda calculada conforme o Protocolo de Déficit excesivo (non se inclúe a débeda con outras AAPP).

Á vista de que non consta débeda con entidades financeiras, o concello de Laxe cumpre co principio de sustentabilidade financeira na liquidación do exercicio 2024.

En canto á débeda comercial, segundo os datos remitidos a través da oficina virtual de coordinación financeira resulta un PMP dentro dos límites establecidos no último trimestre do exercicio 2024.

PERÍODO MEDIO DE PAGO 4º TRIMESTRE 2021 7,60 días

PERÍODO MEDIO DE PAGO 4º TRIMESTRE 2022 34,42 días

PERÍODO MEDIO DE PAGO 4º TRIMESTRE 2023 28,30 días

PERÍODO MEDIO DE PAGO 4º TRIMESTRE 2024 25,43 días

B.4 Aforro Bruto e Neto

AFORRO NETO	LIQUIDACIÓN 2021	LIQUIDACIÓN 2022	LIQUIDACIÓN 2023	LIQUIDACIÓN 2024
INGRESOS I a V	2.545.955,90	2.889.921,00	2.777.281,20	3.094.899,10
GASTOS I, II, IV	2.168.641,30	2.705.342,60	2.672.188,20	2.852.519,10

O **Aforro Bruto** obtérase pola diferenza entre o sumatorio dos ingresos recoñecidos netos, ao que se descontarán os ingresos afectados a gastos de investimento, e os dereitos recoñecidos netos nos capítulos 1, 2 e 4 do orzamento, excluídas as obrigacións recoñecidas derivadas de modificacións de créditos que fosen financiadas con remanente líquido de tesourería.

O **Aforro Neto** obtense restando ao Aforro Bruto o importe dunha anualidade teórica completa do servizo da débeda (amortizacións e intereses) de todas as operacións de endebedamento (préstamos concertados e avalados) vixentes, máis as formalizadas e non dispostas, máis a que se prevé concertar.

B.5 Estabilidade Presupostaria

Entida de	Ingreso non financeiro ⁽¹⁾ Liquidación 2024	Gasto non financeiro ⁽¹⁾ Liquidación 2024	Axuste S. Europeo Contas		Capac./Nec. Financ. Entidade Liquidación 2024
			Axustes propia Entidade ⁽²⁾	Axustes por Operacións Internas	
11-15-	3.381.613,09	3.466.426,89	51.839,43	0,00	-32.974,37



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

040-AA-000 Laxe					
--------------------	--	--	--	--	--

A diferenza entre o ingreso non financeiro e o gasto non financeiro na liquidación do exercicio 2024 ascende a -84.813,80€

Debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, nas Entidades Locais faise necesaria a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Así, aplicáronse axustes por importe de 51.839,43€, resultando unha inestabilidade de 32.974,37€.

Este incumprimento da estabilidade orzamentaria que se produciu no exercicio 2024 é debido principalmente ao uso do remanente de tesourería para gastos xerais como mecanismo de financiamento do gasto, xa que estes ingresos que teñen entrada no orzamento a través da aplicación orzamentaria 87000 (remanente de tesourería para gastos xerais) destínanse a financiar gastos derivados da execución dos capítulos 1 a 7, é dicir, gastos non financeiros (correntes e de capital). Eses ingresos teñen a consideración de ingresos financeiros, e posto que están a financiar gastos de natureza non financeira xeran déficit, e por tanto, necesidade de financiamento en termos de estabilidade orzamentaria.

No exercicio 2024 aprobáronse modificacións orzamentarias financiadas con Remanente de tesourería para gastos xerais por importe de 312.624,24€, estes gastos chegaron a fase O de recoñecemento da obrigação no devandito exercicio 2024, afectando negativamente as regras fiscais.

O remanente de tesourería configúrase contablemente como un activo financeiro, pero pola súa natureza identifícase como o aforro que xera a entidade local nun determinado exercicio que haberá de ser utilizado como fonte de financiamento de obrigações nos exercicios posteriores a aquel no que se obtivo, polo que non cabe admitir que a utilización do remanente de tesourería provoque unha situación de déficit estrutural, pola contra, habería que identificalo como unha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento.

B.6 Regra de Gasto

Entidade	Gasto computable Liq.2023 sin IFS(GC2023) ⁽¹⁾	Gasto investimentos financeiros sostibles (2023) ⁽¹¹⁾	⁽²⁾ - ⁽¹¹⁾ ⁽¹¹⁾ *(1+TRCPIB)	Aumentos/disminucións (art. 12.4) Pto.Act. 2024 (IncNorm2024) ⁽³⁾	Gasto investimentos financeiros sostibles (2024) ⁽⁴⁾	Límite da Regra de Gasto ⁽⁵⁾⁼⁽²⁾⁺⁽³⁾	Gasto computable Liquidación 2024 (GC2024) ⁽⁶⁾
11-15-040-AA-000 Laxe	2.256.146,53	0,00	2.314.806,34	0,00	0,00	2.314.806,34	2.539.653,54
Total de gasto computable	2.256.146,53	0,00	2.314.806,34	0,00	0,00	2.314.806,34	2.539.653,54

TRCPIB = 2,60%

Diferencia entre o "Límite da Regra do Gasto" e o "Gasto computable Liq.2024" (GC2024) ⁽⁶⁾⁻⁽⁵⁾	-224.847,20
% incremento gasto computable 2024 s/ 2023	12,57%

Ao peche do exercicio a suma dos capítulos 1 a 7 do presuposto de gastos é de 3.465.479,05€. (Do Capítulo 3 de gastos financeiros unicamente agregáronse os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas, outras operacións financeiras, outros gastos financeiros, así como os gastos por execución de avais. Subconceptos (301-311-321-331-357-359)).

Debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, nas Entidades Locais faise necesaria a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. Así, realízanse axustes por importe de 925.825,51€.

Tras os axustes anteriores o municipio presentou un gasto computable de 2.539.653,54€, o que supón un incumprimento da regra do gasto por importe 224.847,20 €.

Este incumprimento da regra do gasto que se produciu no exercicio 2024 é debido principalmente a: Neste punto é preciso facer referencia ao axuste por gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións públicas, que mentres na liquidación do exercicio 2023 ascendeu a 1.174.639,28€, no exercicio 2024 diminuíu ata os 879.764,97€, o que supón unha diferenza no axuste para a aplicación da regra de gasto de 294.874,30€. É dicir, a pesar de que parte dun gasto similar ao de 2023, ao variar a fonte de financiamento, o importe do axuste diminúe afectando o incumprimento da regra de gasto.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

A fonte de financiamento procede do remanente de tesourería para gastos xerais que financiou nos 2024 proxectos necesarios para os que non había fonte de financiamento externo, o que provocou que os esforzos se envorcasen na tramitación destes expedientes, atrasando a tramitación de proxectos financiados por outras administracións públicas que ao non chegar a fase "O" de recoñecemento da obrigaición, non formaron parte do axuste no 2024 aínda que se serán parte do mesmo no exercicio no que teña lugar a aprobación do gasto.

Segundo a guía para a determinación da regra de gasto para Corporacións locais da Intervención Xeral da Administración do Estadodo gasto computable obtido descontarase a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións públicas. Neste sentido reducirase a parte do gasto que se financie con ingresos afectados aínda cando estes fondos percíbense nun exercicio distinto ao do pagamento.

Por último, cabe sinalar que segundo se recolle no apartado 4 do artigo 12 da LO 2/2012 no caso de que se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. Pola contra, cando os cambios normativos supoñan diminucións de recadación, o nivel de gasto computable nos anos en que se produzan estas diminucións deberá reducirse na contía equivalente. Por tanto, no exercicio en que produza efecto o cambio normativo que de lugar a un aumento da recadación de carácter permanente, o gasto computable calculado no devandito exercicio aumentará na contía efectivamente recadada como consecuencia do cambio.

No exercicio 2024 actualizáronse as seguintes ordenanzas, o que terá efectos económicos positivos no exercicio 2025 e seguintes:

---Ordenanza reguladora das tarifas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable no Concello de Laxe (BOP Nº 248 de 26/12/2024).

---Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros (BOP Nº 210 de 30/10/2024).

---Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa (BOP Nº 244 de 19/11/2024).

---Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos (BOP Nº 196 de 10/10/2024).

---Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de pista municipal de pádel (BOP Nº 247 de 24/11/2024).

---Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles do Concello de Laxe (BOP nº224 de 20/11/2024). Modifícase o tipo de gravame aplicable aos Bens inmobles de características especiais, 1,3%.

ORDENANZAS	INGRESOS LIQUIDACIÓN 2024	PREVISIÓN INGRESOS LIQUIDACIÓN 2025	DIFERENCIA (previsión) Motivada por aumentos de recadación por cambios normativos
ABASTECIMIENTO AUGA 30000	129.525,28	256.876,42	127.351,14
SUMIDOIROS 30100	20.976,30	60.330,00	39.353,70
OCUPACIÓN TERREOS CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS.... 33500	0,00	13.624,50	13.624,50
EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS 32500	1.256,00	2.000,00	744,00
PISTA MUNICIPAL DE PÁDEL 31300	18.211,00	23.011,00	4.800,00
IBI CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS 11400	Recadación en 2024 18.251,99€. Padrón do exercicio 2024 (7.468,39€)	16.181,51	8.713,12
TOTAL		372.023,43	194.586,46

C. CONCLUSIÓN ESTRUCTURA ECONÓMICA

1. Variables económicas:

a. Estado da liquidación de ingresos: 3.381.613,09€

b. Estado da liquidación de gastos: 3.488.761,83€

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- c. Remanente de Tesourería para gastos xerais axustado: 761.928,54€
- d. Aforro Neto: Positivo.
- e. Endebedamento: Débeda comercial último trimestre 2024 PMP 25,43 días.
- f. Estabilidade Presupostaria: -32.974,37€.
- g. Regra do gasto: -224.847,20€.

2. Causas do incumprimento:

Da análise da información anterior despréndese que as causas que levaron a este Concello para incumprir a variable de estabilidade orzamentaria e regra de gasto son as que se enumeran a continuación:

C.2.1) A porcentaxe da execución do orzamento é cada ano superior, tendo en conta o incremento do orzamento municipal ao longo dos anos.

C.2.2) A utilización no exercicio 2024, do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais que incidiu negativamente no cumprimento da regra de gasto. Dado que o seu emprego ascendeu a 312.624,24 euros, de poder minorar a súa contía sobre o gasto computable de 2024 e sobre as obrigacións recoñecidas netas, cumpríriase tanto regra de gasto como estabilidade orzamentaria, é máis, conxugando ambos os magnitudes, poderíase empregar remanente de tesourería por importe de 87.777,04 euros e liquidaríase o exercicio con cumprimento.

Polo que se pode considerar acreditado que a causa do incumprimento da regra de gasto na liquidación de 2024 é unha porcentaxe de execución do orzamento axustada á realidade do Concello de Laxe, tendo en conta os ingresos recadados e o emprego do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, sobre todo no expediente de incorporación de remanentes, que por outra banda implica á incorporación de gastos comprometidos, contratos adxudicados, sobre os que o Concello ten unha responsabilidade e modificación orzamentaria prevista na Lei reguladora das Facendas Locais.

No relativo ao financiamento de gastos nun determinado exercicio con Remanente de Tesourería para gastos con financiamento afectado, a IGAE contestou á asociación "COSITAL NETWORK" que a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local considera que neste caso non procede efectuar ningún axuste na Regra do Gasto, de maneira que os gastos así financiados considéranse gasto computable para todos os efectos. Tamén considera neste caso, que "O remanente de tesourería, aínda cando se configura contablemente como un activo financeiro, a súa natureza identificaríase co aforro que xera unha entidade local nun exercicio como consecuencia do desfaseamento entre a execución duns ingresos orzamentarios e as obrigacións recoñecidas ás que están afectados de forma tal que ese aforro haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigacións de exercicios posteriores a aquel no que se obtivo.

En consecuencia, non cabe admitir que a utilización do remanente de tesourería afectado por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, é máis, tería que identificarse cunha situación de superávit orzamentario no momento a liquidación do orzamento."

En relación coas medidas para adoptar, na mesma contestación, a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local indica que "Sentada a natureza do remanente de tesourería afectado cabe entender que os seus efectos sobre a situación económico financeira dunha entidade local en nada coinciden cos derivados doutros recursos financeiros que existen un reembolso das cantidades recibidas e por iso parece lóxico que o tipo de medidas a implementar no plan económico financeiro deban acomodarse a situación descrita." Tamén poñen de manifesto que "Sobre a base do exposto, cabe afirmar que a recuperación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e, no seu caso, da regra de gasto, incumplidos pola utilización de remanente de tesourería afectado lograríase coa simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte en situación de equilibrio orzamentario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural algunha dada a natureza do remanente de tesourería afectado no ámbito da Administración local. Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se poderá limitar a expoñer a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida."

Aínda que é certo que a contestación indicada refírese ao financiamento de gastos a través de Remanente de tesourería afectado, as apreciacións postas de manifesto anteriormente no relativo a que o Remanente de Tesourería pódese entender como un aforro da entidade, son igualmente predicables do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais. A única diferenza é que a utilización deste remanente é de carácter voluntario, mentres que a incorporación de remanentes para gastos con financiamento afectado é obrigatorio por establecelo así o artigo 47 do RD 500/1990. Pero constitúe a expresión dunha capacidade financeira para atender maiores gastos no exercicio seguinte e carece da natureza de gasto estrutural para esta Administración

Considerando a causa do incumprimento, así como a aprobación en 2024 de cambios normativos que producirán efectos en 2025 e exercicios posteriores prevese a seguinte tendencia:

Estabilidade presupostaria

En canto á previsión de ingresos e gastos non financeiros, pártese dos datos do borrador de orzamento para o exercicio 2025. Así, en ingresos considéranse as previsións iniciais do orzamento ao estar baseadas nos padróns aprobados en capítulo 1 (impostos directos) e capítulo 3 (taxas e outros ingresos); en capítulo 4 (transferencias correntes) e 5 (ingresos patrimoniais) tamén se prevé un



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

recoñecemento de ingresos do 100%. En canto ao capítulo 2 (impostos indirectos), e capítulo 6 (alleamento de investimentos reais) e, por criterios de prudencia, estímase unha liquidación do 70% dos ingresos previstos. Por último, en canto ao capítulo 4 (transferencias correntes) estímase que as cantidades orzadas chegarán a dereitos recoñecidos e no capítulo 7 (transferencias de capital) faise a seguinte consideración, e é que a pesar que non chegarán a recoñecerse dereitos polo POS/POS 2025, posto que existe un atraso considerable na tramitación da contratación administrativa, si que se recoñecerán polas obras correspondentes ao POS/POS de exercicios anteriores, estimando esta intervención que se chegarán a recoñecer dereitos por un importe aproximado de 409.076,91€, tendo en conta o estado de execución da contratación das obras:

---Cuberta Nave (POS/POS 2021)

---Rede Saneamento Santa Rosa (POS/POS 2023)

---Vías Soesto (POS/POS 2024)

---Rúa Hospital (POS/POS 2024)

Do exposto resulta unha previsión de ingresos non financeiros de:

CAPÍTULO INGRESOS	DENOMINACIÓN	PREVISIÓN 2025 INGRESOS RECOÑECIDOS	LIQUIDACIÓN
1	IMPOSTOS DIRECTOS		949.859,47
2	IMPOSTOS INDIRECTOS		42.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS		638.467,29
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES		1.570.033,63
5	INGRESOS PATRIMONIAIS		7.111,27
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS		350,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		409.076,91
	TOTAL		3.616.898,57

En canto aos gastos non financeiros, considérase que tanto o capítulo 2 (gastos correntes), capítulo 3 (gastos financeiros), capítulo 4 (transferencias correntes) executaranse ao 100%. O capítulo 5 (fondo de continxencia) non se executa, e en canto ao capítulo 6 (investimentos reais), cuantifícanse aquelas que se tiveron en conta na previsión da liquidación do capítulo 7 de ingresos máis as previsións iniciais do orzamento de gastos de 2025 se é que están financiadas con fondos propios. En canto ao capítulo 1 (gastos de persoal) e dado que nas previsións iniciais do orzamento consígnanse as cantidades necesarias para facer fronte a unha modificación da RPT, prevese que a execución non será ao 100%, senón que servirá de referencia a liquidación do exercicio 2024 con poucas variacións. En canto ao capítulo 2 tense en conta a media da porcentaxe de execución dos tres exercicios anteriores, estimando un -31,41%, as obrigacións recoñecidas netas do exercicio 2025 ascenderían tendo en conta o aumento das previsións definitivas por modificacións que poidan ser necesarias para o funcionamento dos servizos. No presente exercicio 2025 tramítáronse 4 expedientes de modificación do orzamento prorrogado, financiados con remanente de tesourería tanto afectado (86.307,71€) como de gastos xerais (527.172,05€). A previsión é que os gastos afectados por estas modificacións cheguen a fase de recoñecemento da obrigación neste exercicio, afectando os gastos non financeiros, con todo non teñen equivalencia nos ingresos non financeiros ao ter reflexo no capítulo 8, afectando por tanto á estabilidade orzamentaria de forma negativa.

RGX=527.172,05€

RFA=86.307,71€

Afectando aos seguintes capítulos de gastos:

Capítulo 1: 27.500,42€

Capítulo 2: 173.108,77€

Capítulo 4: 11.724,24€

Capítulo 6: 401.146,03€

Do exposto resulta unha previsión de gastos non financeiros de:

EXERCICIO	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA	OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS NETAS	PORCENTAXE DE EXECUCIÓN
2022	4.584.071,98	3.168.592,60	-30,88%
2023	4.867.350,35	3.389.538,35	-30,36%
2024	5.214.682,90	3.455.175,79	-33%

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CRÉDITOS INICIAIS	PREVISIÓN LIQUIDACIÓN	OBRIGACIÓN S	OBRIGACIÓN S	OBRIGACIÓN S
----------	--------------	-------------------	-----------------------	--------------	--------------	--------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

GASTOS		BORRADOR PRESUPUESTO 2025	ÓN 2025 OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS	RECOÑECIDAS POR USO DEL REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO	RECOÑECIDAS POR USO DEL REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	RECOÑECIDAS NETAS PREVISTAS ESTIMANDO PORCENTAXE DE EXECUCIÓN NO CAPÍTULO 2 DE 68,59%
1	GASTOS DE PERSOAL	1.264.353,59	1.101.102,68	27.500,42		1.128.602,60
2	GASTOS CORRENTES	1.899.880,22	1.303.127,90	58.707,99	114.400,78	1.476.236,50
3	GASTOS FINANCIEROS	4.100,00	4.100,00		11.625,24	15.725,24
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	33.864,00	33.864,00	99,00		33.963,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA	10.000,00	0,00			0,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	231.699,06	435.992,88		401.146,03	837.138,91
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00			
	TOTAL	3.425.896,80	2.878.187,30	86.607,41	527.171,27	3.491.666,20

Polo que estabilidade presupostaria en 2025:

ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA	CAPÍTULOS 1 A 7 DE INGRESOS	CAPÍTULOS 1 A 7 DE GASTOS	AXUSTES SEC (ESTIMANSE OS MESMOS QUE EN 2024)	NECESIDADE/CAPACIDADE FINANCIAMENTO
2025	3.616.898,57	3.491.666,20	51.839,43	177.071,80

Polo que estabilidade presupostaria en 2026:

ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA	CAPÍTULOS 1 A 7 DE INGRESOS	CAPÍTULOS 1 A 7 DE GASTOS	AXUSTES SEC (ESTIMANSE OS MESMOS QUE EN 2024)	NECESIDADE/CAPACIDADE FINANCIAMENTO
2026	3.616.898,57+1,02% =3.689.236,40	3.491.666,20+1,02% =3.561.499,50	51.839,43	179.576,33

Regra de gasto

O axuste por gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións públicas terá un importe superior ao do exercicio 2024 posto que se prevé que a contratación administrativa das obras do POS/POS de exercicios anteriores a 2025, financiadas ao 100%, teñan un avance considerable neste exercicio 2025, diminuindo así o gasto computable, o que unido ao incremento de ingresos por cambios normativos determinará un cumprimento da regra de gasto.

Polo que Regra de Gasto en 2025:

BASE LÍMITE REGRA DE GASTO	TAXA DE REFERENCIA 3,20%	AUMENTOS POR CAMBIOS NORMATIVOS	LÍMITE REGRA DE GASTO	ESTIMACIÓN TENDENCIAL GASTO COMPUTABLE	CUMPRIMENTO /INCUMPRIMENTO
2.539.653,54	2.620.922,45	194.586,46	2.815.508,91	2.565.840,80	249.668,11

Sendo a estimación tendencial do gasto computable o importe das obrigacións recoñecidas netas dos capítulos 1 a 7 menos os axustes SEC (tómase en consideración os axustes do exercicio 2024).

ORN CAPÍTULOS 1 A 7 2025	3.491.666,20
GASTOS FINANCIADOS CON FONDOS FINALISTAS (AXUSTE 2024)	879.764,97
GASTOS PENDENTES DE APLICAR (AXUSTE 2024)	46.060,54
GASTO COMPUTABLE	2.565.840,80

Polo que Regra de Gasto en 2026:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

BASE LÍMITE REGRA DE GASTO	TAXA DE REFERENCIA A 3,20%	AUMENTOS POR CAMBIOS NORMATIVOS	LÍMITE REGRA DE GASTO	ESTIMACIÓN TENDENCIAL GASTO COMPUTABLE	CUMPRIMENTO /INCUMPRIMENTO
2.565.840,80	2.650.513,55	0,00	2.650.513,55	2.635.674,10	14.839,40

ORN CAPÍTULOS 1 A 7 2026+ 2%	3.561.499,50
GASTOS FINANCIADOS CON FONDOS FINALISTAS (AXUSTE 2024 e 2025)	879.764,97
GASTOS PENDENTES DE APLICAR (AXUSTE 2024 e 2025)	46.060,54
GASTO COMPUTABLE	2.635.674,10

MEDIDAS E CONCLUSIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2025-2026.

Debido ás causas que provocaron o incumprimento das regras fiscais de estabilidade e regra de gasto na liquidación de 2024, non se precisa medida correctiva, xa que as causas do incumprimento non derivan dunha situación de déficit estrutural, senón polo emprego do remanente de tesourería para financiar incorporacións por gastos pendentes de exercicios anteriores, e para financiar expedientes de suplementos e créditos extraordinarios no exercicio 2024. Sendo significativo que no propio exercicio 2024 adoptáronse medidas como a modificación das ordenanzas fiscais que terán reflexo nos exercicios 2025 e 2026, aumentando significativamente os ingresos.

Segundo o exposto ao longo do PEF, no exercicio 2025 e 2026 cumprírase o obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto no Concello de Laxe.

Do anterior despréndese que a situación económico financeira do Concello de Laxe non presenta ningún problema estrutural que obrigue a adoptar medidas extraordinarias de redución do gasto máis aló dun control da execución dos orzamentos dos exercicios 2025 e 2026 que permita cumprir coas regras fiscais.”

2.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL DESTE CONCELLO PARA 2025. EXPTE. NÚM. 2025/T004/000002.

Dase conta da seguinte proposta:

“ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA VERBO DA APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO ANEXO DE PERSOAL PARA O EXERCICIO 2025.

Nº EXP.: 2025/T004/000002

Examinado pormenorizadamente o expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do orzamento desta entidade, formado para o exercicio de 2025, que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166 e 167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e concordantes do R.D. 500/1990, do 20 de abril, así como o cadro de persoal desta Corporación, que segundo os artigos 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril e 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, establecen que deberá comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e temporal, e que se aprobará anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento

Vistos asemade os informes emitidos pola secretaría-intervención desta corporación, esta Alcaldía propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte

A C O R D O

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio de 2025, que ascende tanto en gastos como en ingresos ao importe de 3.428.901.87 euros.

PREVISIÓNS DE INGRESOS		PREVISIÓNS DE GASTOS	
CAPÍTULO 1 IMPOSTOS DIRECTOS	949.859,47	CAPÍTULO 1 GASTOS DE PERSOAL	1.264.353,59
CAPÍTULO 2 IMPOSTOS INDIRECTOS	60.000,00	CAPÍTULO 2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.899.880,22
CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	638.467,29	CAPÍTULO 3 GASTOS FINANCEIROS	4.100,00
CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS	1.570.033,63	CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS	33.864,00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CORRENTES				CORRENTES			
CAPÍTULO 5	INGRESOS		7.111,27	CAPÍTULO 5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS		10.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES INGRESOS			3.225.471,66	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES GASTOS			3.212.197,81
CAPÍTULO 6	ENEXACIÓN		500,00	CAPÍTULO 6 INVERSIÓNS REAIS			213.699,06
CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			199.925,21				
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL			200.425,21	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL			213.699,06
CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS			3.005	CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS			3.005
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS			3.005	TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS			3.005
TOTAL			3.428.901,87	TOTAL			3.428.901,87

Segundo.-Aprobar, así mesmo, as bases de execución do devandito orzamento.

Terceiro.-Aprobar o anexo de persoal, que se xunta como anexo ao Orzamento desta entidade para o ano 2025.

Cuarto.-Expoñer ao público o orzamento e o referido cadro de persoal, por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Quinto.-Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o orzamento nin contra o devandito cadro de persoal, estes consideraranse definitivamente aprobados, debendo cumprirse o trámite de publicación do orzamento, resumido por capítulos, xunto coa publicación íntegra do cadro de persoal no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Sexto.-O orzamento aprobado producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2025, e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais, e a eles imputaranse os créditos autorizados con cargo ao orzamento prorrogado.

As modificacións de crédito ao orzamento prorrogado conservarán a súa vixencia no orzamento para o ano 2025.

Sétimo.-Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido orzamento e do cadro de persoal aprobados definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma."

O alcalde explica brevemente os capítulos do orzamento.

Intervén a concelleira dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG) manifestando o pouco tempo para analizar o orzamento, indicando que todos teñen representación e deberían participar nos orzamentos.

O alcalde sinala que a premura foi por aprobar o PEF o tempo di que foi un fallo que espera non repetir. Intervén no debate o concelleiro don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e integrante do Grupo mixto descoñecendo o motivo por o que os ingresos non son mais altos, e sinala que a maior parte dos ingresos son da Deputación e non da Xunta de Galicia.

O alcalde lle indica que non é así, poñendo de exemplo o SAF.

O concelleiro di que o Concello debería xestionar máis a través da Xunta, e insiste en que soamente hai 47.000,00€ máis que o ano pasado a pesar da subida das taxas. Por último indica que non está dacordo cos gastos pero que non vai discutir todas as partidas.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 0

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ABSTENCIÓNS: 4 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE)]

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio de 2025, que ascende tanto en gastos como en ingresos ao importe de **3.428.901,87 euros**.

PREVISIÓNS DE INGRESOS		PREVISIÓNS DE GASTOS	
CAPÍTULO 1 IMPOSTOS DIRECTOS	949.859,47	CAPÍTULO 1 GASTOS DE PERSOAL	1.264.353,59
CAPÍTULO 2 IMPOSTOS INDIRECTOS	60.000,00	CAPÍTULO 2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.899.880,22
CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	638.467,29	CAPÍTULO 3 GASTOS FINANCEIROS	4.100,00
CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.570.033,63	CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	33.864,00
CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS	7.111,27	CAPÍTULO 5 FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS.	10.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES INGRESOS	3.225.471,66	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES GASTOS	3.212.197,81
CAPÍTULO 6 ENEXACIÓN INVERSIÓNS	500,00	CAPÍTULO 6 INVERSIÓNS REAIS	213.699,06
CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	199.925,21		
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	200.425,21	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	213.699,06
CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS	3.005	CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS	3.005
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.005	TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS	3.005
TOTAL	3.428.901,87	TOTAL	3.428.901,87

Segundo.- Aprobar, así mesmo, as bases de execución do devandito orzamento.

Terceiro.- Aprobar o anexo de persoal, que se xunta como anexo ao Orzamento desta entidade para o ano 2025.

Cuarto.- Expoñer ao público o orzamento e o referido cadro de persoal, por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Quinto.- Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o orzamento nin contra o devandito cadro de persoal, estes consideraranse definitivamente aprobados, debendo cumprirse o trámite de publicación do orzamento, resumido por capítulos, xunto coa publicación íntegra do cadro de persoal no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Sexto.- O orzamento aprobado producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2025, e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais, e a eles imputaranse os créditos autorizados con cargo ao orzamento prorrogado.

As modificacións de crédito ao orzamento prorrogado conservarán a súa vixencia no orzamento para o ano 2025.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Sétimo.- Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido orzamento e do cadro de persoal aprobados definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 19:25 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a secretaria-interventora a presente acta que asina o alcalde; para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.

FIRMANDO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 02/07/2025 13:49:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2025 15:15:00)

FECHA: 02/07/2025 13:49:00) , Francisco Charlín Orons

FECHA: 02/07/2025 13:49:00) , Francisco Charlín Orons

versión imprimible

CVD: BA4sEMZWL+EwVjPGyKKH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.